



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Amalia Blanco Louro, Anxo Calvo Silvosa, José Manuel Sobrino Heredia, Nuria Varela Feal, Manuel-Reyes García Hurtado e Ernesto Vázquez-Rey Farto.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión formulando unha cuestión de orde: solicítase do Consello de Goberno a inclusión dun novo punto na Orde do día, que por un erro non foi incluído no momento oportuno. Trátase da autorización da participación da UDC na empresa de base tecnolóxica “*Peloides Termales, S.L.*”. Tras aprobarse a inclusión do punto por asentimento dos membros do Consello de Goberno, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Tras dar a benvida ás persoas asistentes, **o reitor** informa da reunión da RESOE (macrorrexión do suroeste europeo), que tivo lugar o día 25 de setembro na cidade de Salamanca, en que se deu un impulso político importante a esta macrorrexión, instrumento potente de cooperación transfronteiriza interuniversitaria.

O reitor informa da constitución de distintos grupos de traballo (cultura, ordenación urbanística, infraestruturas etc.) co Concello da Coruña para a elaboración dun convenio marco que articulará no futuro as canles de colaboración institucional co concello.

Lembra que, ante o mantemento dos recortes orzamentarios no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado, a CRUE emitiu un novo comunicado sobre a ciencia como base dun futuro estable e de progreso, que figura na web da UDC.

Así mesmo, o reitor informa do cesamento, por pedimento propio, do estudante Juan Sebastián Pirola como representante de estudantes no Consello de Goberno nomeado polo reitor e o nomeamento do estudante Ernesto Vázquez-Rey Farto no seu lugar.



A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da resolución das convocatorias de proxectos emerxentes e da de consolidación (grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como da publicación da convocatoria de axudas posdoutorais do plan I2C, para a que se estableceu unha convocatoria interna na UDC.

Informa tamén do peche da convocatoria Connecta PEMES da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía e Industria e do número de proxectos presentados con participación da UDC. O vice-reitor dá conta tamén da publicación das ordes de bases do Programa Estatal de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia e Programa Estatal de Fomento da I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade, ambos os dous do MINECO.

Así mesmo, o vice-reitor informa da próxima realización na UDC de varias xornadas informativas e formativas de cara a incentivar a concorrencia de grupos de investigación da UDC nas convocatorias do Horizonte 2020 (H2020) da Unión Europea. As primeiras destas xornadas terán lugar os días 2 e 3 de decembro deste ano 2013. En breve exporase un plan de apoio aos investigadores da UDC para estas convocatorias.

O vice-reitor informa sobre o proceso de contratación como consecuencia da convocatoria de contratos predoutorais da UDC, da publicación da convocatoria de estadias predoutorais UDC-INDITEX e da celebración dos programas GRADSchools, Leadership in Action e Supervisor Masterclass, auspiciados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.

O vice-reitor tamén informa sobre a resolución das alegacións da convocatoria de avaliación pola ANEP, así como da creación da páxina web da Escola Internacional de Doutoramento da UDC e da próxima constitución do seu Comité de Dirección. Por último, deixa a constancia do agradecemento institucional aos membros da Comisión de Doutoramento polo traballo feito durante estes últimos anos.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa da vindeira supresión, por resolución reitoral, da Comisión Xeral de Calidade da UDC, cuxas competencias foron asumidas polas comisións de garantía de calidade dos centros, polo que é innecesaria a súa existencia.



O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da recepción formal do informe desfavorable da Xunta de Galicia, recibido o 2 de outubro, sobre a convocatoria de catro prazas de profesor contratado doutor para aquelas prazas de axudante doutor que rematan contrato no ano 2014, de conformidade co aprobado no Consello de Goberno do 23 de xullo. O vice-reitor anuncia a interposición de recurso de alzada contra esta non autorización, en defensa da autonomía universitaria. Na nómina do mes de novembro aboaranse os complementos autonómicos aprobados na última convocatoria.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa da publicación da convocatoria *Leonardo da Vinci* (Proxecto Hi Training): 34 bolsas para prácticas laborais no estranxeiro para titulados UDC.

En materia de proxectos, concedéronnos con outras universidades un proxecto Tempus sobre implantación de titulacións en materia de protección ambiental e medio ambiente nos países da antiga URSS, excepto en Rusia (tempus é un programa da EACEA sobre modernización da educación superior en certas áreas xeográficas).

A respecto das titulacións internacionais, informa de que se asinou un convenio da dobre titulación entre a UDC e a Universidade de Minho para o “*Mestrado de Literatura, Cultura e Diversidade*” da Facultade de Filoloxía.

A piques están outros tres: dous na Facultade de Ciencias e outro na Facultade de Socioloxía.

Por último, en materia de promoción internacional da UDC, asistimos á X Edición da Feira de Europosgraos que este ano se desenvolveu en Puebla, León e Monterrey (México) os días 15, 17 e 19 de outubro. Como vén sendo habitual neste tipo de eventos, a UDC participa na caseta de Universidades de Galicia, en cooperación coas outras dúas universidades galegas.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que, desde o pasado 15 de outubro baixo o nome de Espazo Compartido, está a se impartir un programa de formación para persoas con discapacidade cognitiva leve. Trátase dun proxecto pioneiro dentro do sistema universitario galego. Desde hai anos na UDC véñense traballando para combater as barreiras que se lles presentan ás persoas con discapacidade para acceder aos estudos universitarios, o desenvolvemento



deste novo programa vainos permitir avanzar nun ámbito ata agora esquecido, dentro do propio ámbito das discapacidades: as discapacidades cognitivas.

A posta en marcha do proxecto foi posible pola colaboración entre esta vicerreitoría desde o Servizo de Atención á Diversidade e o Consello Social da Universidade e conta con financiamento do Banco Santander, a través da División Global Santander e Fundación Universia. A vicerreitora agradece á Facultade de Ciencias da Educación as facilidades brindadas para poder utilizar as súas instalacións.

Os días 17 e 18 deste mes tivo lugar no campus de Ferrol o IV Encontro da Rede de Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade nas Universidades. Estas xornadas de traballo en que participaron membros dos equipos de goberno e dos servizos de atención á diversidade de preto de 30 universidades españolas constitúen un punto de encontro para poñer en común os temas e as iniciativas en que se está a traballar para mellorar as condicións de acceso e a permanencia dos estudantes con discapacidade na universidade.

O día 21 de outubro nun acto que contou coa presenza da secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, a concelleira de Igualdade do Concello de Ferrol e a vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade da USC, entregáronse en Ferrol os premios dos concursos convocados pola OIX: I Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño para Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado; 1.º Certame Fotográfico Rosalind Franklin: A Muller na Ciencia e na Tecnoloxía

Ese mesmo día inaugurouse na EPS a exposición “Con Nome de Muller” cedida por Woman Emprende da USC. Esta exposición está financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e en vindeiras datas poderá verse noutros centros do campus de Ferrol e de Coruña.

O **xerente** informa, en ausencia da vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, como é preceptivo e de conformidade coa base 9ª.2 do orzamento, que foron validados na Comisión de Asuntos Económicos do 28.10.2013 expedientes correspondentes aos informes de intervención C-0012-13 e C-0013-13 por un total de 173 900,09 €

En segundo lugar, informa de que con data 1 de outubro actual ditouse a Instrución para regulamentar as operacións de cerramento do exercicio de 2013 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da



Universidade da Coruña, para cuxa exposición se realizou o 3 de outubro a pertinente reunión informativa con todas as unidades de xestión económica e centros de gasto.

Informa tamén de que está prevista a modificación das Normas para a aplicación do procedemento negociado e a tramitación dos contratos menores na contratación administrativa da UDC, co obxecto de introducir como regra xeral, desde 1 de xaneiro de 2014, a necesidade de solicitar tres ofertas nos contratos menores a partir dos seguintes importes: 20 000 euros nos contratos de obras e 8 000 nos de servizos e subministracións, IVE excluído. Esta modificación ten por obxecto mellorar as pautas de concorrência e as condicións económicas e técnicas na compra pública da UDC.

Informa, finalmente, de que este pasado sábado, 26 de outubro, se realizou o segundo exercicio do proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da UDC, co que se está a rematar a primeira fase deste proceso segundo as previsións do Acordo asinado o 13 de xullo de 2012 coas organizacións sindicais.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 24 de setembro

Sométese á aprobación do Consello a acta da sesión ordinaria do 24 de setembro do ano que corre.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en sete (7) convenios marco, dez convenios específicos (10), e cincuenta e seis convenios para prácticas (56) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de aprobación dos premios extraordinarios de doutoramento 2011-2012



O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, que defende a proposta remitida pola Comisión de Doutoramento na súa sesión do 11 de outubro.

O vicerreitor aproveita a ocasión para agradecer expresa e publicamente o traballo feito polos membros da Comisión de Doutoramento, que está a piques de desaparecer pola implantación da Escola de Doutoramento.

O profesor Casteleiro solicita a aclaración sobre o termo de “ámbitos de coñecemento”. O vicerreitor contesta explicando as agrupacións de ámbitos, que son provisionais. Trátase de agrupar por programas de doutoramento, buscando a máxima homoxeneidade.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IV**

5. Proposta de acordo sobre o límite de ECTS que se cursarán simultaneamente en mestrado e doutoramento no curso 2013-2014

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia para que explique o sentido desta proposta de excepcionalidade, que trae causa dun acordo previo, adoptado pola Comisión de Doutoramento do 11 de outubro de 2013, e limitaría a súa vixencia para o curso 2013-2014, respecto da simultaneidade dos estudos de doutoramento con outros estudos de grao ou mestrado na UDC establecida no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC).

A proposta é a seguinte:

“Os estudantes matriculados nun programa de doutoramento poderán cursar simultaneamente 30 créditos ECTS adicionais no mesmo curso, sempre e cando eses créditos se correspondan con materias de segundo ano dun mestrado, e os 60 créditos ECTS de nivel de mestrado que lle deron acceso ao doutoramento correspondan ao mesmo mestrado que cursa o doutorando no curso 2013-2014.

Esta excepcionalidade só será aplicable ao presente curso 2013-2014”

Nona Inés Vilariño valora positivamente a proposta.

Moisés Canle sinala que a proposta regula a simultaneidade na propia UDC, pero non resolve a simultaneidade interuniversitaria. O vicerreitor



contesta que se está negociando coas restantes universidades do SUG para establecer as mesmas regras de xogo de cara ao vindeiro curso.

Feitas as anteriores consideracións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.

6. Proposta de regulamento sobre adscrición de investigadores da UDC a entes instrumentais de investigación e transferencia

O vicerreitor de Investigación e Transferencia explica cal é a finalidade do regulamento.

Trátase de regular a mobilidade dos investigadores da UDC para dar seguridade xurídica ás situacións administrativas en que queda o persoal adscrito temporalmente para a execución de proxectos e traballos de investigación, de conformidade coas novas tendencias de mobilidade dos investigadores que se regulan na Lei 14/2011, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.

Marisa Sánchez Simón está de acordo coa filosofía do regulamento, mais sinala que non houbo negociación na mesa sindical, por atinxir ás condicións laborais do PDI, solicitando unha maior sensibilidade do equipo de goberno.

Moisés Canle pregunta se está previsto que se poidan facer adscricións a varios organismos. O vicerreitor replica que o regulamento é neutral nese aspecto, pois establece un límite do 50% da dedicación, con independencia de se é a un único ente instrumental ou a varios.

Luis Castedo sinala que o documento non se podía ler correctamente, e que cando se cambien os documentos da orde do día debería enviarse un correo electrónico. O reitor replica que así se fará no sucesivo, como se fixo xa co punto novo da orde do día.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **anexo VI**

6. b) Autorización da participación da UDC na empresa de base tecnolóxica “Peloides Termals S.L”

Trátase do novo punto comentado ao comezo da sesión.



O vicerreitor de Investigación e Transferencia comenta as características da empresa e da participación da UDC no capital social.

Apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

7. Propostas de implantación ou modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías dá conta das propostas de modificación e implantación de titulacións de grao e mestrado. O vicerreitor de Investigación explica as dúas propostas de novos doutoramentos, os dous interuniversitarios: desenvolvemento psicolóxico, aprendizaxe e saúde; análise económica e estratexia empresarial.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VII**.

8. Proposta de novos títulos propios de posgrao

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón o contido do mestrado en moda: arte, cultura e sociedade, así como os seus cursos de especialización conexas.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo VIII** á acta deste Consello de Goberno.

9. Proposta de ratificación de cobertura de vacante na Comisión delegada de Extensión Universitaria

A vicerreitora de estudantes toma a palabra para propoñer a ratificación da cobertura dun posto vacante na Comisión delegada de Extensión Universitaria, por proposta dos propios representantes de estudantes, a favor de Ernesto Vázquez-Rey Farto, en substitución de Juan Pirola Lorenzo.

Apróbase por asentimento.

10. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado solicita a convocatoria das prazas de PDI contratado, correspondentes a tres postos de asociado T1 con dedicación P03 (áreas de Fisioterapia e Psicoloxía Evolutiva e da educación), un posto



de contratado interino de substitución (área de comercialización e investigación de mercados), para a cobertura de docencia no segundo cuadrimestre, e dúas prazas de asociado P03 para docencia, durante o segundo cuadrimestre, no Mestrado Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.

Todas as prazas contan con informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **anexo IX**

11. Proposta de nomeamento e prórroga de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado achega a proposta de nomeamento do profesor Xoán Carlos Verdini Deus, da Área de Didáctica da Lingua e a Literatura, como profesor honorario, desde o 1 de outubro de 2013 até o 30 de setembro do 2015.

Así mesmo, achégase proposta de primeira prórroga dos profesores honorarios Primitivo González López e Xosé María Dobarro Paz, até o 30 de setembro de 2015.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **anexo X**

12. Proposta de autorización de comisión de servizos

O vicerreitor de profesorado expón a petición do Tribunal de Contas de renovación da comisión de servizos a favor do profesor Agustín-Jesús Pérez-Cruz Martín, que vén prestando os seus servizos no posto de subdirector técnico do Departamento 3.º da Sección de Axuizamento, durante o curso académico 2013/2014.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**.

13. Proposta de autorización de venias docentes no curso académico 2013-2014

O vicerreitor de Profesorado solicita a concesión de venia docente durante o curso académico 2013/2014 para impartir docencia no centro adscrito de Turismo, a favor dos profesores María de las Mercedes Carreño de Vicente (materias Aloxamento e Restauración I e II), Antonia Pérez García (Introdución á Socioloxía e Métodos e Técnicas de Investigación no



Turismo) e Marie José Pinar Moyano (segundo idioma moderno: Francés I, II e III)

Contan con informes favorables, respectivamente, dos departamentos de Humanidades, Socioloxía e Ciencia Política e da Administración e Galego Português, Francés e Lingüística.

Apróbase por asentimento e figura como **anexo XII**.

14. Renovación do Representante dos estudantes na Comisión de Reclamacións de Prazas de Interinos, contratados e Axudantes por expiración do período de 2 anos desde a súa designación (22.07.2011)

A vicerreitora de Estudantes traslada a proposta de nomeamento do estudante Macías López Iglesias para esta comisión, que foi consensuado cos representantes de estudantes.

Apróbase por asentimento.

15. Proposta de Regulamento de réxime interno da Escola Universitaria Politécnica

O secretario xeral toma a palabra para pedir a aprobación do Regulamento de réxime interno da Escola Universitaria Politécnica, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XIII**.

16. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Manuel Casteleiro solicita aclaración sobre a taxa de reposición para 2014. O xerente aclara que é do 0% en PAS e 10% en PDI, de conformidade coa lei de orzamentos xerais do Estado para 2014.

Moisés Canle formula, sobre a convocatoria I2C da Xunta, que a convocatoria interna é máis restritiva que a da Xunta, e considera que non podemos ser máis restritivos e poñer prerequisites por medo á estabilización futura, dado que ao seu xuízo o I2C non supón a estabilización de prazas.



O vicerreitor de Investigación e Transferencia sinala que, en efecto, se introduciron prerequisites para evitar que se acumulasen solicitudes nunhas poucas áreas xa potentes en investigación, que acabarían dando lugar a unha posterior consolidación de investigadores en áreas xa excedentarias. O reitor lembra que este tipo de prerequisites xa se introduciran no seu día para evitar que os Parga Pondal se acumulasen en poucas áreas, dando lugar a un problema de sustentabilidade do conxunto dos nosos recursos humanos.

Miguel Valeiro, en representación dos estudantes, expón os problemas da matriculación nos TFG, en especial das carreiras técnicas, e solicita que se busque unha solución para favorecer a matriculación nos TFG. O vicerreitor replica que estamos nun período de estudo, para que antes de finais de ano se poidan buscar as mellores alternativas.

Gonzalo Faya, en representación dos estudantes, pregunta sobre os accesos ao campus de Elviña. Vanse asfaltar? Na EUAT levan un ano en obras na biblioteca. Fala tamén da accesibilidade para persoas discapacitadas. Pregunta sobre os prazos de autorización da listaxe institucional de distribución e sobre a tramitación do proceso disciplinario de Eduardo Pinedo.

Luis Castedo fai un rogo pedindo que se envíe antes a documentación do Consello de Goberno. Considera que é un tempo insuficiente. Comenta que houbo incidentes na Facultade de Informática durante a xornada de folga do día 24 de outubro. Pregunta se houbo incidentes noutros centros. Considera que non deberían acontecer de novo estes incidentes. Devolución do IVE na execución dos proxectos. Noticia sobre a publicidade da tese de doutoramento do 16 de outubro (técnico xurídico de urbanismo de Sada). Ou se destacan todas, ou non se destaca ningunha. Comité de dirección da Escola de Doutoramento: dous sexenios. Solicita flexibilidade na aplicación das normas, e apoio administrativo aos xestores académicos.

Contestan, sucesivamente, o secretario xeral, o xerente e o vicerreitor de Investigación.

Sonia Souto solicita unha valoración sobre os resultados da avaliación dos investigadores individuais feita pola ANEP, e pregunta cando se poderá dispoñer dos fondos derivados da puntuación feita a partir da ANEP. O vicerreitor di que aínda está recente a avaliación da convocatoria ordinaria.



Está pendente facer o informe, do mesmo xeito que se está facendo aínda a convocatoria extraordinaria.

Miguel Muñoz pregunta sobre a substitución da docencia dunha profesora que está de baixa en Biblioteconomía e Documentación. O vicerreitor replica que, para evitar que os alumnos queden sen docencia durante a tramitación do procedemento de urxencia, a docencia se reparte entre o profesorado da área.

Manuela Pinazas pregunta sobre a parte proporcional da extra de decembro 2012, se se vai aboar a todos os traballadores. Sobre o proceso de funcionarización, pregunta se hai data aproximada de toma de posesión. Por último, solicita saber a postura sobre a prórroga do III Convenio do PAS laboral. O xerente di que estamos agardando a sentenza sobre o conflito colectivo. Estanse revisando as datas de toma de posesión, en función da convocatoria e a orde de peche do exercicio 2013. Sobre o último punto, a xerencia está en condicións de proceder á prórroga, tal e como pediu o Comité de Empresa na última reunión.

Sonia Rodríguez Beltrán, en representación de estudantes, quere facer constar que en Informática uns profesores puxeron exame o día da folga.

Ignasi Colominas pregunta sobre os edificios do CITEEC e da Área Científica. O reitor aclara o estado dos trámites para legalizar ambos os edificios co Concello da Coruña.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:47 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito